

NOT A PRETTY PICTURE

[Not a Pretty Picture, Martha Coolidge
1975, EE UU, 83 min., VOSE, +16]

***Especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero**

Lingua **Inglés**

Dirección e guión **Martha Coolidge**

Fotografía **Don Lenzer, Fred Murphy**

Montaxe **Suzanne Petit, Martha Coolidge**

Son **Peter More**

Música **Tom Griffith**

Elenco **Michele Manenti, Jim Carrington, Anne Mundstuk, John Fedinatz, Amy Wright, Stephen Laurier, Hal Studer**

Produtora **Coolidge Productions**

Restauración **Academy Film Archive, The Film Foundation**

Distribución **Atalante**

En 1962, aos 16 anos, a directora Martha Coolidge foi violada durante unha festa por un compañeiro de clase maior ca ela. Doce anos máis tarde, a cineasta examina esta agresión sexual vivida en carne propia e recrea as circunstancias que a rodearon cun grupo de actores nun loft de Nova York. Disposta a falar da súa agresión sen reservas, Coolidge tamén sabe escoitar, permitíndolle ao seu reparto manter conversas sinceras sobre a psicoloxía e a desequilibrada dinámica de poder inherente á violencia sexual.

OUTUBRO

Martes 22 **HERE**

(Bas Devos, 2023, Bélxica, 84 min., VOSE)

Luns 28 **HISTORIA DUNHA VECIÑANZA**

(Yasujirō Ozu, 1947, Xapón, 72 min., VOSE)

Martes 29 **MÚSICA**

(Angela Schanelec, 1923, Alemaña, 108 min., VOSG)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



NOT A PRETTY PICTURE

MARTHA COOLIDGE

CINECLUBE PONTEVEDRA

FS #218
15.10.2024

O RETO DE FILMAR A VIOLENCIA SEXUAL E O CONSENTIMENTO

Por Áurea Ortiz

Historicamente e en xeral, a violencia sexual utilizouse como o detonante de guión que obriga a un personaxe masculino a actuar en busca de vinganza, temos bos exemplos no wéstern. Nesas ficcións, a muller é un obxecto pasivo cuxa función é a de vítima e coartada para as accións do protagonista, do que é esposa, moza ou filla. Nos 70, no marco do cinema *exploitation*, onde reina a violencia como tema principal, introdúcese unha variación segundo a que é a propia muller quen busca vinganza e dedica a vida a castigar os violadores. O subxénero ten denominación propia, *rape & revenge*, e aínda que dote de axencia a protagonista, é o resultado da fetichización da violencia contra as mulleres desde a mirada masculina.

Neste mesmo contexto dos anos setenta é cando Martha Coolidge realiza *Not a Pretty Picture*, cun inmenso factor diferencial que muda todo: a cineasta conta a violación que sufriu aos dezaseis anos. O filme realízase en plena onda do feminismo e nun momento en que as mulleres artistas, sobre todo a través da *performance* (Valie Export, Ana Mendieta, Carole Schneemann ou Hannah Wilke) e a fotografía (Nan Goldin), dixeron de forma irrefutable que o seu corpo era seu e facían con el o que querían, colocándoo en primeira liña, expoñéndoo en accións impensables, mesmo violentas e incómodas para elas mesmas e para quen as observaba, que denunciaban e anulaban a mirada masculina e o control dos homes.

A obra de Coolidge enlaza con elas e coa de cineastas como Chantal Akerman ou Márta Mészáros, cuxas obras nacen da necesidade de mostrar a experiencia das mulleres desde a súa propia axencia e mirada, e dun xeito que non fora contado antes. Coolidge mestura o proceso da rodaxe, onde a vemos ensaiar a canda o elenco, que comenta os seus propios puntos de vista sobre a violencia sexual, coa recreación daquela noite e os días posteriores. E o resultado é unha refutación dese tipo de ficcións *rape & revenge*, xa que asistimos ás dúbidas de Coolidge sobre como filmar a violencia sufrida, que linguaxe usar, que posta en escena adoptar. E este, o dunha muller filmando a agresión que sufriu, é un punto de vista inédito, e obviamente pioneiro; esa historia non estaba contada.

MARTHA COOLIDGE SOBRE NOT A PRETTY PICTURE

Naquela época eu era directora de documentais e estaba bastante ben establecida, daba conferencias e participaba no Flaherty Film Seminar. Alí reuníase un grupo de cineastas para falar de filmes, e unha vez proxectaron unha curta de Mitchell Block, ...*No Lies*, que trataba dunha moza que lle conta ao cineasta, fóra da pantalla, a súa experiencia de cando foi violada, e que estaba rodada ao estilo dunha entrevista de *cinéma vérité*. O cámara é un personaxe ao que nunca se ve e que filma a muller no seu apartamento, preparándose para saír cando, de socato,

ela lle confía esa experiencia de violencia sexual. O que Block mostra é o cámara explotando a moza nesa revelación. O filme suscitou un gran debate no grupo e pareceume que en realidade había tres tipos de explotación: a explotación da actriz por parte do cámara, a explotación da personaxe por parte do violador e a explotación do espectador, que se ve arrastrado a un morboso filme de violacións. En fin, era algo do que tomei nota e pensei que podería facelo mellor.

Antes desa proxección, non pensara en filmar o que me pasara, pero cando o fixen, o primeiro en que pensei foi no formato. Pensei que o meu filme precisaba ser unha experiencia compartida, onde as persoas que traballaran nel falaran das súas propias experiencias persoais, igual ca un director fala cos seus actores ou como os actores falan entre si. Tamén tiven que recuperar os meus recordos persoais da experiencia, de maneira arquivística, e traballar para que os recordos non volveisen, me afectasen e me fixesen sentir que facer o filme fora un erro. Despois diso, axiña dei co concepto de combinar escenas narrativas con escenas documentais sobre a realización do filme. Así é como o expliquei cando enchín unha solicitude para unha subvención, e despois de recibir os cartos do American Film Institute (AFI), atopamos un patrocinador adicional que igualou a cantidade que recibira da subvención. Ao final, fixen *Not a Pretty Picture* con poucos cartos, uns 50 000 dólares.

Rodei gran parte do filme na cidade onde vivía daquela, con amizades da Universidade de Nova York e con organizacións que axudei a fundar, como a Asociación de Videastas e Cineastas Independentes (AIVF). O primeiro que rodamos foi a escena da violación, con todos os actores xuntos nun *loft* de Nova York. Tivemos algunhas conversas antes de chegar a ese punto, algunhas delas utiliceinas no guión, e logo ultimamos o calendario da rodaxe —precisabamos un día para organizar o *loft* e demais—. Era dun amigo. Alugámolo e reaxustámolo, erguemos unha parede para abrir un oco. Este oco utilizábase para que certos personaxes o cruzasen e fíxase o cuarto en que vai suceder a violación. Tamén decidín mudar a sensación do filme para que o espectador se sitúe á luz do día, cando en realidade a violación tivera lugar de noite. Fíxeno conscientemente, para non meter o público por completo na narrativa do filme. Logo collín o resto de metraxe, que incluía entrevistas documentais co elenco, e escribín o guión. Non é que mudase moito, pero foi como unha rodaxe con moita improvisación, quería saber como se desenvolvería o filme. Logo da rodaxe, pasei meses montándoa e presentéina ao American Film Institute, onde a aceptaron para proxectala no Kennedy Center de Washington. Sentínme moi afogada!